



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada ditou o 7-7-2022 a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Consulta pública sobre novo Regulamento de admisión e normas do servizo de comedor escolar e madrugadores do CEIP Pedro Barrié de la Maza e CEIP Sada y sus Contornos)

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obriga de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte.

Unha vez aprobado o Plan por Resolución de alcaldía núm.983/2020 publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Sada o día 3 de xuño de 2020, dando publicidade así ás necesidades postas de manifesto ben por esta alcaldía, ben polas diferentes concellarías ou departamentos para a ova regulación de materias competencia do Concello de Sada ou para a realización de modificacións nalgunhas existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente.

Considerando que en relación a nova regulación por regulamento denominado: Admisión e normas do servizo de comedor escolar e madrugadores do CEIP Pedro Barrié de la Maza e CEIP Sada y sus Contornos, pola Concellaría de Educación e Deporte elaborouse unha memoria cumprimentado os aspectos sinalados no art. 133.1 da lei 39/2015, polo que é preciso substanciar unha consulta pública, a través do portal web do Concello para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da mesma.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir un prazo de 7 días hábiles de consulta pública a través do portal web do Concello de Sada para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da memoria de alcaldía que comprende os seguintes aspectos en relación ao novo regulamento do servizo de comedor escolar e madrugadores do CEIP Pedro Barrié de la Maza e CEIP Sada y sus Contornos que se vai redactar:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Segundo.- Publicar a presente resolución e a memoria na web e no portal de transparencia, computándose o prazo dende a publicación para realizar as achegas que se consideren oportunas a través do rexistro de entrada do Concello, ben presencialmente, ben telematicamente ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015”.

Sada, na data da sinatura dixital

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

- Portal de transparencia
- Taboleiro
- Taboleiro Sede Electrónica
- Web



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

REGULAMENTO ADMISIÓN E NORMAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E MADRUGADORES DO CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA E CEIP SADA Y SUS CONTORNOS

“a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

O obxecto do presente regulamento é establecer un marco normativo que regule fundamentalmente os seguintes aspectos da xestión dos comedores escolares dos centros que se asumen desde o Concello de Sada:

- As bases de admisión ao servizo
- A normativa que regula o funcionamento destes.
- Os dereitos e deberes dos usuarios e usuarias, da empresa concesionaria e prestadora do servizo e do propio Concello de Sada.

A rede de comedores escolares é un servizo público básico, competencia directa da Consellería de Educación, pero que, a través dun modelo de convenio, xestionamos desde o Concello de Sada.

A finalidade deste servizo é a de ofrecer unha alternativa de conciliación da vida laboral e familiar e establecer uns criterios de admisión para poder dar resposta equilibrada ás familias **dándolle prioridade a quen menos recursos ten.**

Ao mesmo tempo, co regulamento establécense os deberes e obrigas das familias, da empresa concesionaria do servizo e a organización do mesmo, así como a función do concello na xestión destes servizos complementarios.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

A necesidade da aprobación ven dada, fundamentalmente, porque nos últimos cursos foi medrando a demanda de acceso ao servizo; de feito, neste segundo curso de pandemia estamos a recuperar unha normalidade que implica unha maior demanda dos servizos, tanto de comedor como de madrugadores, o que leva ao concello a ter que deixar solicitudes en lista de agarda, polo tanto queremos darlle un carácter normativo ás normas xa establecidas no curso 2019/2020, que foi a primeira vez que o concello xestionou un comedor escolar para que se fixen os criterios de admisión e a puntuación que implicaría cada criterio. Do mesmo xeito, preténdese establecer criterios de desempate, en caso de habelo.

Por outra banda, dado que existe unha empresa concesionaria que presta o servizo, resulta importante regular os dereitos e deberes da mesma e do seu persoal, respectando as condicións establecidas no prego de licitación ao que optaron, así como a súa organización.

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Do mesmo xeito é importante fixar unha serie de dereitos e deberes das familias para que se teñan en conta no momento de acceder ao servizo.

c) Os obxectivos da norma.

Os obxectivos xerais desta norma son os seguintes:

- Determinar os criterios de admisión ao servizo de madrugadores e comedor dos centros xestionados polo Concello de Sada.
- Relacionado co anterior, garantir o cumprimento do artigo 80 da Lei Orgánica de Educación, vixente no Decreto 132/2013, de 01 de agosto onde se regulan os comedores escolares e que alude a que “as administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se atopen en situacións desfavorables e proveerán os recursos económicos e precisos para elo”, ademais de incidir en que “As políticas de educación compensatoria reforzarán a acción do sistema educativo de xeito que se eviten desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole” Neste sentido debemos garantir o acceso a estes servizos dos grupos máis desfavorecidos ou que contan con menos recursos, e os criterios de admisión deben elaborarse en función disto.
- Determinar as normas de organización e funcionamento de ambos servizos complementarios
- Determinar os dereitos e deberes dos usuarios e usuarias do comedor, da empresa e dos seus traballadores prestadores do servizo, e da xestión que realiza de todo isto o Concello de Sada.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias”.

- Dado que este regulamento afecta a terceiros, non procede establecer outro tipo de alternativa ao regulamento, sen prexuízo das competencias en materia de contratación establecidas en distintos órganos municipais e da regulación do servizo que se realice nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que se aproben para cada licitación do servizo de comedor.

Documento asinado dixitalmente pola concelleira delegada de Educación e Deporte.

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>